

ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 16 marzo 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

NOVIDADES

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jaume Santonja, director

Alexandra Dariescu, piano

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Jaume Santonja



PROGRAMA

I

JÖRG WIDMANN (1979-)

Con brio (ver. red. 2013)

EDVARD GRIEG (1843-1907)

Concerto para piano en la menor, op. 16

Allegro molto moderato

Adagio

Allegro moderato molto e marcato

Alexandra Dariescu, piano

II

JEAN SIBELIUS (1865-1957)

Sinfonía nº5 en Si b maior, op. 82

Tempo molto moderato


Allegro moderato - Presto

Andante mosso, quasi allegretto

Allegro molto; Misterioso

Duración aproximada do concerto: 95 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director

Jaume Santonja

Piano

Alexandra Dariescu

VIOLÍNS I

James Dahlgren (concertino)
Adriana Winkler (axuda de concertino)
Anca Smeu **
Yulia Petrushevskaya
Daniel Kordubaylo
Anna Alexandrova
Michal Ryczel
Claudio Guridi
Ilya Fisher
Victoria Jurov

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Irina Gruia
Gyula Vadaszi
Samira Ajkid
Helena Sengelow
Enrique Roca
Kiyoko Ohashi

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Oxana Bakulina
Anne Schlossmacher
Ionela Ciobotaru
Timur Sadykov
Iriana Fernández

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Carlos García
Millán Abeledo
Manuel Lorenzo
Thomas Piel
Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador del Pozo

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Carmen Ferreiro (R)

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Vicente López *
Bernardino Assunção (R)

FAGOTES

JJuan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Jordi Ortega *
Adrián Lavia (R)

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)
Juan Luis Novo (R)
Marcos Dorado (R)

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Víctor Vilariño (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

JAUME SANTONJA DIRECTOR

Jaume Santonja vén de ser anunciado como Principal Director convidado da Orquestra Sinfónica de Milán a partir da temporada 2022/23. Despois de dúas temporadas como director asociado da Euskadiko Orkestra -Orquestra Sinfónica del País Vasco- colabora como director convidado nas principais orquestras españolas: Orquestra y Coro Nacionales de España - OCNE, Orquestra de la Comunitat Valenciana - OCV, Orquestra Sinfónica de Tenerife - OST, Orquestra Filarmónica de Málaga - OFM, Real Filharmonía de Galicia - RFG, Orquestra Sinfónica de Bilbao - BOS, Oviedo Filharmonía, entre outras formacións orquestrais.

Foi director asistente da recoñecida City of Birmingham Symphony Orchestra CBSO no Reino Unido e estivo tamén á fronte das orquestras BBC National Orchestra of Wales - BBC NOW, Royal Northern Sinfonia, Antwerp Symphony Orchestra, Belgrade Philharmonic, Stavanger Symphony Orchestra, Zuidnederland Philharmonie, Phion Orkest, Orchestra del Teatro Lirico di Cagliari, Orchestra della Toscana - ORT, Malta Philharmonic Orchestra..., entre outras.

En xuño de 2020 Jaume foi un dos catro participantes na prestixiosa *Ammodo conducting masterclass* que organiza a Royal Concertgebouw Orchestra de Amsterdam baixo a tutela do mestre Iván Fischer.

O mestre Santonja é ademais fundador do AbbatiaViva music collective.

No que respecta á súa formación, tras graduarse en percusión na ESMUC (Escola Superior de Música de Catalunya, Barcelona), Santonja cursou un Master of Music (Dirección) no Royal Conservatory of Antwerp (Bélxica) ademais dun Master of Music (Percusión) no Amsterdam Conservatorium (Países Baixos).

2023

ALEXANDRA DARIESCU PIANO


Pianista e creadora de “O Crebanoces e eu”, Alexandra Dariescu destaca como unha voz orixinal cuxos valores fundamentais son iluminar a igualdade de xénero tanto nos seus programas de concertos como de recitais, así como defender obras menos coñecidas, avogando pola diversidade e a inclusión.

Moi solicitada como solista en todo o mundo, a pianista actuou con orquestras como a Filharmónica de Londres, a Orquestra Nacional de Francia, a Filharmónica de Oslo, a Nova Orquestra da Unión Europea, a Orquestra Sinfónica de Utah, a Orquestra Sinfónica de Quebec e as Orquestras Sinfónicas de Sydney e Melbourne, entre outras. Entre os directores cos que traballou atópanse Alexandre Bloch, Michael Francis, Fabien Gabel, Ben Gernon, Cristian Măcelaru, Jun Märkl, Vasily Petrenko, André de Ridder, Clemens Schuldt, Alexander Shelley e John Storgårds.

Entre os aspectos máis sinalados da temporada 2021/22, destaca a estrea nos Estados Unidos do recentemente descuberto *Concerto para piano* de George Enescu para o seu debut coa Orquestra Sinfónica de Detroit, así

como a estrea da *Fantaisie* de Nadia Boulanger para a súa presentación coa Orquestra Sinfónica de Houston. Tamén debutou coa Orquestra de Cámara de Basilea no seu regreso ao Festival Enescu, coa Orquestra Filharmónica de Copenhague, coa Orquestra de Cámara de Laponia e coa Orquestra Filharmónica de Turku na estrea finlandesa da *Fantaisie* de Boulanger. Dariescu tamén ofreceu as estreas alemá e polaca do *Concerto* de Enescu coa Württembergische Philharmonie Reutlingen e a Neue Lausitzer Philharmonie. No recital, a pianista xustapón o París dos anos 20 coa escena musical actual nunha fascinante viaxe na que participan Camille Pepin, Lili Boulanger, Germaine Tailleferre, Betsy Jolas e Missy Mazzoli xunto a Debussy e Ravel.

En 2017, sorprendeu ao mundo coa súa exitosa produción de recital de piano “*The Nutcracker and I*” (*O crebanoces e eu*), unha orixinal e innovadora actuación multimedia para piano só con danza e animación dixital, que desde entón foi aclamada internacionalmente e atraeu a miles de novas audiencias ás salas de



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23


concertos de toda Europa, Australia, China, os Emiratos e os Estados Unidos, facendo realidade a visión de Dariescu de tender pontes e facer que a música clásica sexa máis accesible ao público en xeral. Na tempada 2020/21, a pianista tamén estreou a versión revisada pola situación Covid, “*The Nutcracker - reimagined*” (O crebanoces - reimaxinado), para piano só, conxunto de metais, narrador e danza, coa Royal Liverpool Philharmonic, converténdose nunha das poucas representacións do *Crebanoces* que tivo lugar en 2020.

Publicou oito CDs que foron aclamados pola crítica, sendo o último a súa gravación Decca con Angela Gheorghiu. A súa discografía inclúe a súa *Triloxía de Preludios* en Champs Hill Records con preludios completos de Boulanger/Messiaen/Faure, Chopin/Dutilleux e Shostakovich/Szymanowski, así como o *Concerto para piano num. 1* de Chaikovski coa Royal Philharmonic Orchestra/Darrell Ang (Signum Records), ademais de “*The Nutcracker and I audiobook*”.

Alexandra Dariescu tivo como mentores a Sir Andrés Schiff e Dame Imogen Cooper. Tras graduarse coa Medalla de Ouro no Royal Northern College of Music, onde estudou con Nelson Goerner, Alexander Melnikov, Mark Ray e Dina Parakhina, realizou un mestrado na Guildhall School of Music and Drama con Ronan O’Hora. Antiga artista do Young Classical Artists Trust, foi laureada na Academia do Festival de Verbier e recibiu o premio Women of the Future do Reino Unido na categoría de Arte e Cultura. En 2017, foi nomeada patroa de Music in Lyddington, embaixadora cultural de Romanía e artista asociada honoraria do Royal Northern College of Music. Na primavera de 2018, ademais, recibiu o “Oficial da Coroa Romanesa” da Familia Real e foi seleccionada como Nova Líder Europea por Friends of Europe. Dende 2020, esta artista converteuse en Membro Asociado do RNCM, ademais de recibir a Orde ‘Mérito Cultural’ no grao de Cabaleira polo presidente romanés.

O clarinetista, compositor e director de orquestra Jörg Widmann é un dos artistas máis versátiles da súa xeración. Foi o primeiro compositor residente da Gewandhaus de Leipzig ademais de selo na Orquestra de París, Wigmore Hall, Mozartwoche de Salzburgo e Philharmonie Essen. Estudou composición con Hans Werner Henze, Wilfried Hiller, Heiner Goebbels e Wolfgang Rihm e as súas obras son estreadas por relevantes solistas, directores e formacións como Anne-Sophie Mutter, Andris Nelson, Kent Nagano, Ópera Estatal de Baviera ou Elbphilharmonie. A inspiración de Widmann vén das artes plásticas e da literatura, empregando con frecuencia textos de Matthias Claudius, Klavand, Heinrich Heine, Peter Sloterdijk, Clemens Brentano ou Friedrich Schiller. A súa música céntrase nos sons, integrando serialismo e tonalismo sobre recursos tradicionais, de xeito que na maioría das súas composicións, establece unha conversa musical con compositores clásico-románticos como Schumann, Mozart, Beethoven, Schubert ou Brahms. As súas partituras amosan estruturas e instrucións extremadamente precisas e ben pensadas, utilizando técnicas estendidas como na peza *Con*

brio, unha homenaxe a Beethoven –en concreto, á *Sinfonía núm. 7*– encargada pola Orquestra da Sinfónica da Radio de Baviera en 2008. A obra leva por título a marca do último movemento desa *Sétima Sinfonía* e o primeiro da *Oitava* e segundo o editor, o termo *con brio* “interpretase non só como unha notación de tempo, senón tamén como unha insinuación dos conceptos de deconstrución musical de Widmann”. *Con brio* non inclúe citas literais de Beethoven, só inconfundibles alusións que parten de movementos rápidos específicos nas súas obras que Widman –cuxo obxectivo segundo el mesmo era crear unha sensación de “furia e insistencia” que lembrara ao de Bonn– traduce á súa linguaxe, utilizando a mesma instrumentación das citadas dúas sinfonías que acompañaron a obra na súa estrea. Mais tamén cita ocasionalmente outras obras mestras como a *Sinfonías núm. 3 e 5* (ambas comezan con movementos *Allegro con brio*), as aperturas de Leonore e a *Novena Sinfonía*, grazas a acordes, xestos rítmicos e contornos melódicos que impregnan esta fantasmagoría de lembranzas beethovenianas. En 2016, Widmann realizou un arranxo



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

para orquestra de cámara no que reformulou algunhas das partes de corda.


Edvard Grieg estudou no Conservatorio de Copenhague e máis tarde no de Leipzig, coñeceu a Franz Liszt e, co tempo, foi nomeado *Doutor honoris causa* pola Universidade de Cambridge. A súa sona chegoulle do seu catálogo, a súa profusa produción de cancións, a famosa música incidental para *Peer Gynt* de Ibsen, algunhas pezas de cámara e, sobre todo, da súa habilidade para compoñer nova música para piano sinxela e cargada de atractivas ideas nas súas melodías, creando obras brevísimas que son auténticos traballos de artesanía. Grieg non foi un compositor de grandes formas pero, nese senso, a súa obra máis salientable foi o *Concerto para piano e orquestra en la menor*, unha das poucas obras concertantes que escribiu. Foi estreado en Copenhague en 1869 con éxito, tanto que cando Liszt recibiu a partitura, valorouna categoricamente “Rapaz, encontrou vostede a receita!» e interpretouna nunha visita de Grieg a Roma en 1870. Este *Concerto op. 16* xorde cando no verán de 1868, Grieg viaxa a Dinamarca coa intención de

rematar unha nova obra para piano e orquestra. Instálase en Søllerød, ao norte de Copenhague e únese ao compositor danés Emil Horneman e ao pianista e compositor noruegués Edmund Neupert, encontrando a inspiración e a tranquilidade necesarias para despreñar a súa creatividade. Alí completou a maior parte do *Concerto para piano*, en parte, grazas a un valioso diálogo con Neupert, dedicatario desta obra esencial no pianismo romántico, clara no concepto e de fraseo impecable para facer sentir toda a música contida nas súas páxinas. O tumultuoso *Allegro* asoma cun redobre de timbais que leva a unha serie de arpejos descendentes, escalas ascendentes e rotundos acordes, nunha orixinal introdución do piano solista que imprime carácter á peza. En xeral, un movemento de factura virtuosista, romántico, con momentos áxiles e pasaxes dramáticas para chegar a unha cadencia rapsódica antes da breve e enérxica coda final. O cambio de tonalidade do *Adagio* propicia un aire sereno á orquestra que expón unha sinxela e emotiva melodía asumida inmediatamente polo piano para pasar á sección central, de certo dramatismo. Por último, o terceiro movemento é un rondó de estrutura

bastante libre —significativamente influído por Liszt e baseado nunha danza popular norueguesa denominada *halling*— cuxa sección central lenta aporta un fermoso tema enunciado pola frauta que reaparece máis tarde, evocando o carácter improvisatorio da parte pianística, engrandecida na coda.

En 1886, Sibelius abandonou os estudos de dereito na Universidade de Helsinki, para matricularse no conservatorio desa cidade e máis tarde asistir a clases en Berlín e Viena, progresando rapidamente como violinista e compositor. O resultado do seu coñecemento de *Kalevala*, a antiga epopea fonte de identidade cultural finesa foi o pretexto literario dos seus primeiros poemas sinfónicos como *Kullervo* (1892) ou *Finlandia* (1900), escrita tras a usurpación por parte de Rusia dos dereitos legislativos ao seu país. En 1915, Sibelius traballa en dúas sinfonías pero os editores mostran máis interese por pequenas pezas como a *Romanza núm. 2* ou un *Rigaudon* con sabor arcaico que fornecían os seus días durante a Primeira Guerra Mundial pero que fixeron pensar ao compositor que sería esquecido. Dese xeito,

na primavera dese ano escribe as primeiras referencias a antigos hábitos, primeiro ocasionalmente e despois progresivamente, a volta ao consumo de alcohol e tabaco e, ende mal, regresan os conflitos e os problemas de saúde recorrentes aos que se suman as liortas coa súa muller e a súa congoxa polo sentimento de culpa como indica no seu diario: “Estou de novo nun fondo barranco. Mais podo ver na penumbra a montaña que con seguridade vencerei. Deus abre a súa porta por un momento, e a súa orquestra toca a miña *Quinta Sinfonía*.” A escritura desta sinfonía xorde do compromiso de ter rematada unha composición como agasallo ao público en agradecemento ás conmemoracións do seu 50 aniversario organizadas polo goberno de Finlandia. O proceso foi longo e intenso, desbordado pola imaxinación dos motivos e a arquitectura concibida e dificultada pola necesidade de unir toda esa riqueza dándolle a forma adecuada. Seguramente por iso, Sibelius emprega varios anos e tres versións ata chegar á partitura definitiva. Escribiu a primeira versión, que foi estreada en




REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Helsinki en decembro de 1915, baixo a súa batuta pero o seu perfeccionismo levouno a realizar mínimos cambios na partitura: “quero darlle á miña sinfonía unha forma diferente, máis humana, máis terreal, máis vibrante”; a nova estrea da sinfonía tivo lugar en decembro de 1916. Na primavera de 1918, en medio da Guerra Civil finesa, o autor volve revisar a obra fundamente pois segundo el mesmo “... O primeiro movemento parécese ao antigo, e o terceiro é similar ao final do pasado primeiro movemento. O cuarto ten os vellos temas, pero son máis fortes nesta revisión. Toda a sinfonía é, se me permito dicilo, un clímax vital ata o fin. Triunfal.”; esta última versión foi estreada a finais de 1919 na Universidade de Helsinki, coa Filharmónica da cidade. A sinfonía comeza cun motivo conducido polos cornos que medra para logo caer. Asoma a escuridade, o queixoso só de fagot e o desacougante renxido das cordas, de seguido a idea de que o *scherzo* xurda do *molto moderato*, como se fose unha continuación do primeiro movemento, dispuxo outro crescendo elemental; un motivo tocado polos cornos volve brillante nas trompetas, e de xeito case inapreciable a música acelerarse para chegar ao

final do movemento cunha enerxía e un ritmo arrepiantes. O beethoveniano *Andante* é máis apracible, como se fose un conxunto de variacións do tema folclórico do inicio do movemento. Sen embargo, aparecen tensións que asoman nos trémolos das cordas ou nas ameazantes figuras dos metais cara ao final e tamén premonicións sutís dos temas do finale, engadidas na versión revisada da sinfonía. A tensión acumulada desencadease no emblemático *Allegro* final que comeza lixeiro para chegar a un afervoadado e vertixinoso bateo da corda grave dando paso a un xogo das madeiras que ofrecen as visións da natureza que tanto o fascinaban: “...xusto antes das once menos dez vin dezaseis cisnes [...] rodeáronme durante longo tempo. [...] Os seus sons teñen o mesmo timbre de madeiras que o das grúas, máis sen ningún trémolo. Os cisnes están máis preto das trompetas, aínda que hai un punto de sarrusofón. Un recordo pouco reprimido do pranto dun neno pequeno. Misterio da natureza e melancolía da vida. O tema final da *Quinta sinfonía*.”

2023



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 23 marzo 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

DOS CÁRPATOS A ARLÉS

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

Michał Nesterowicz, director

Soyung Yoon, violín

- Wojciech Kilar: Orawa
- Félix Mendelssohn: Concerto para violín en mi menor, op. 64
- George Bizet: Selección das suites Carmen e L'Arlesienne

Xoves 30 marzo 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

PARÍS-ROMA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Diego Martín-Etxebarria, director

- Georges Bizet: Jeu d'enfants (Xogo de nenos)
- Germaine Tailleferre: Ballet Marchand d'oiseaux (Vendedor de paxaros)
- Georges Bizet: Sinfonía núm. 2 'Roma'

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Diego Martín-Etxebarria



C
Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal


RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura


@rfgalicia
@CCultura


@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura


CONSORCIO DE
SANTIAGO


GOBIERNO
DE ESPAÑA


CONCEJO DE
SANTIAGO


XUNTA
DE GALICIA


AUDITORIO DE GALICIA


Deputación
DA CORUÑA